

A usurpación dos bens da Sociedade Agraria de Belesar e as súas ensinanzas

XOSÉ ALFREDO PEREIRA MARTÍNEZ

O FEITO DA USURPACIÓN

En aplicación das disposicións do ano 1939 sobre incautación do patrimonio sindical das organizacións “non afectas” ao réxime franquista, e en aplicación da Lei de Unidade Sindical do ano 1940, o día 4 de maio de 1957, sendo as dezasete horas corenta e cinco minutos, foron usurpados os bens inmóbeis da clandestina Sociedade Agraria de Belesar (oficialmente a esta usurpación chámasele “Acta de Toma de Posesión dos Inmóbeis que pertenceron á Sociedade Agraria de Belesar”).

Para este efecto presentáronse no lugar de Media Aldea, da parroquia de Belesar, o Delegado Comarcal Sindical de Baiona, o Secretario Comarcal Sindical de Baiona, o Prohome da Irmandade Sindical de Labradores e Gandeiros de Baiona, o Secretario da mesma irmandade e varios membros do Cabido da Irmandade, todos eles camaradas. Dáse a casualidade (nas ditaduras o xuíz e a parte sempre son o mesmo) que os que actúan en calidade de veciños da parroquia son aqueles membros da parroquia de Belesar que son membros do Cabido da Irmandade.

Nesta eufemística “toma de posesión” os bens usurpados á Sociedade Agraria de Belesar foron:

- Unha finca urbana de 100 m², onde estaba situada unha edificación (o local social da Sociedade Agraria de Belesar), valorada aproximadamente nunhas 30.000 pts.
- Un alambique con todos os seus aparellos de destilación para producir augardente, valorado nunhas 7.000 pts.
- Un libro de contas da sociedade, que comeza no ano 1916 e chega ao 1951.
- Varios libros de actas que comezan o día 2 de febreiro de 1913, presumibelmente a data da fundación da Sociedade Agraria de Belesar, e chegan até o ano 1949.

A acta de usurpación dos bens inmóbeis da Sociedade Agraria de Belesar remata dicindo que, en virtude das normas antes citadas, os bens relacionados pasan a ser propiedade da Organización Sindical, administrándoos no sucesivo a Irmandade Sindical de Labradores e Gandeiros de Baiona. Este acto de toma de posesión, de usurpación, é un exemplo paradigmático de como se lles rouba patrimonio aos

vencidos (pasando por alto a sacrosanta defensa que facían do dereito de propiedade os franquistas), sen ningún argumento ético nin xurídico. A palabra, a decisión dos vencedores era a Lei.

ENSINANZAS QUE SE PODEN SACAR DA LECTURA DESTA USURPACIÓN

AS CARACTERÍSTICAS DAS SOCIEDADES AGRARIAS

Ao contrario que no resto do Estado, en Galicia as organizacións agraristas, neste caso as sociedades agrarias, tiñan como ámbito territorial de actuación a parroquia. Un dos seus obxectivos era tratar de identificarse co conxunto da parroquia, de xeito que os intereses da sociedade agraria e os intereses da parroquia fosen comúns. Esta simbiose, esta identificación dos intereses xerais da comunidade veciñal cos intereses particulares da sociedade agraria é unha das forzas desta. De xeito que ir contra dos intereses da sociedade agraria era ir contra dos intereses da comunidade veciñal, da parroquia.

Este feito de resaltar os intereses da parroquia fixo que, por unha banda, as sociedades agrarias estivesen compostas por labregos, xornaleiros, obreiros simbióticos e mesmo representantes da burguesía, xa que a unidade facía que se defendesen mellor os intereses da parroquia. E por outra banda, que as sociedades agrarias participasen na vida política co fin de lograr non só unha mellora das condicións de vida para os seus asociados, senón para todos os veciños e veciñas da parroquia.

Estas características das sociedades agrarias, xunto coa forte tradición comunista que tiña a sociedade rural galega, queda reflectida na Acta de Posesión dos Bens Inmóbeis da Sociedade Agraria de Belesar, cando a única petición que fan as persoas que actúan en calidade de veciños da parroquia de Belesar, que á súa vez eran membros do Cabido da Irmandade de Labradores e Gandeiros, foi que “se a superioridade non dispuña o contrario”, desexaban que o alambique quedase na parroquia polos servizos que prestaba e porque, ademais, se fixera e se conservara con aportacións da veciñanza.

Inmediatamente despois do triunfo do franquismo, as novas autoridades propuxéronse a eliminación do movemento societario. Empregaron para isto varias formas: asasinato ou encarceramento dos dirixentes, permitir a continuidade de algunhas sociedades controladas polo goberno civil, a Falanxe e a garda civil, ou substituír os dirixentes das sociedades por outros afíns ao réxime e deixar esmorecer a sociedade.

Da lectura da mencionada acta da toma de posesión dos bens inmóbeis da Sociedade Agraria de Belesar despréndese qua a fórmula aplicada polo novo réxime foi a última. E isto polos seguintes datos: a usurpación prodúcese no ano 1957, cando se produce os bens da Sociedade Agraria de Belesar xa estaban noutras mans e os libros de actas e de contas nos últimos anos non teñen movementos.

A VERDADEIRA USURPACIÓN XA SE DERA ANTES

A acta da toma de posesión (da usurpación) dos bens inmóbeis da Sociedade Agraria de Belesar, do día 4 de maio de 1957, soamente foi a oficialización do roubo. O

reparto dos bens de dita sociedade xa se dera antes. Producírase inmediatamente despois de que o réxime franquista, rematada a guerra civil, ilegalizara os sindicatos agrarios. Neste mesmo momento os vencedores da guerra repartíronse o botín.

Na acta de toma de posesión recóllese que unha parte da edificación era usada xa polo concello de Baiona como escola de nenas. E a outra parte do inmovible era usada polo abade-párroco para albergar os seus aparellos de labranza, dispoñendo da chave da mesma. Na mesma acta reflíctese que a chave desa parte da edificación siga quedando nas mas do abade-párroco. E o mesmo podemos dicir do alambique. Na acta da toma de posesión recóllese que o alambique está na casa dunha familia da Ramallosa denominada Valverde González. É dicir, róubanse uns bens lexítimos dunha asociación para beneficio de intereses particulares.

Máis grave, se cabe, é o que sucede co Libro de Contas. Na acta da toma de posesión reflíctese que o libro de contas está en poder da familia antes citada, e que ademais manifesta o seu dexeso de seguir estando en posesión da mesma, cousa a que se accede. Estamos, pois, ante unha usurpación dun patrimonio dunha asociación, que co paso do tempo se converterá en patrimonio histórico, é dicir, de toda a sociedade, en beneficio dun interese particular. E todo isto sen metérmonos en máis fonduras e preguntar inxenuamente: ¿que irregularidades non puído cometer esa familia estando en posesión dun libro de contas dunha asociación que tiña patrimonio?

CAPACIDADE ORGANIZATIVA DAS SOCIEDADES AGRARIAS

Moi ao contrario do que quere facer crer a historia oficial, a sociedade labrega nunca foi conservadora, insolidaria, individualista e antiprogresista. A sociedade labrega sempre tentou estar organizada para mellorar a súa calidade de vida (mutualidades de seguro do gando, introdución de maquinaria para a realización das tarefas agrícolas, implantación de novos cultivos, fórmulas de traballo en común...) e para defender os seus intereses (loita contra os foros, loita contra o caciquismo, defensa dos montes veciñais en man común...). Esta característica das sociedades agrarias tamén se desprende da lectura da acta da toma de posesión dos bens inmóbeis da Sociedade Agraria de Belesar. O feito de dispor dun alambique para a destilación da augardente é introducir maquinaria para mellorar a produción. O feito de que os libros de actas e de contas (dende o seu inicio, anos 1913 e 1916 respectivamente) estean ao día, con todos os datos anotados, amosa a capacidade organizativa dos dirixentes daquela sociedade (por certo, despois da guerra civil, os asentamentos, tanto no libro de actas como nos libros de contas, son esporádicos, reflectindo soamente os saldos anuais).

CUESTIÓNS PARA QUEN CUMPRE

Esta usurpación, derivada da aplicación da lexislación franquista, logo de que declarasen ilegais todos os movementos sindicais e asociativos, foi soamente un caso. Pero no Val Miñor tivo que haber máis casos coma este. A sociedade rural galega nos tempos da II República estaba bastante ben organizada, e o Val Miñor non era distinto a outras zonas do país. Tivo que haber, xa que logo, máis usurpacións de bens das sociedades agrarias e sindicais. E cómpre que se coñezan.

Da mesma lectura da acta de usurpación destes bens cómpre facérmonos varias preguntas para que se coñeza a nosa historia. A represión franquista que se levou a cabo contra os dirixentes do movemento sindical agrario buscaba enterrar no esquecemento aos protagonistas deste importante movemento sindical agrario. Os dirixentes dos movementos sindicais agrarios, comprometidos na loita pola xustiza social e pola mellora das condicións de vida da sociedade rural galega, teñen unha biografía e unha vida social. Biografía e vida social que non poden quedar no esquecemento. As xeracións de hoxe e as xeracións vindeiras deben coñecer os nomes e os feitos dos protagonistas do movemento sindical agrario.

De aí que, e para quen cumpra, é necesario facerse algunhas preguntas:

- ¿Quen foron os fundadores da Sociedade Agraria de Belesar?
- ¿Que contiñan os seus estatutos e cales eran os seus símbolos?
- ¿Que melloras, tanto na introdución de maquinaria agrícola como na introdución de cultivos levou adiante a Sociedade Agraria de Belesar, na explotación das terras?
- ¿Como foron represaliados os dirixentes da Sociedade Agraria de Belesar?
- ¿Que significou para a explotación das terras o desmantelamento da Sociedade Agraria de Belesar?
- Como outros sindicatos agrarios, ¿a Sociedade Agraria de Belesar participou na vida política do concello?
- Cómpre responder a estas cuestións para manter viva a nosa memoria histórica, algo que consideramos necesario.

P.D.

Dende o mesmo momento en que se organizou a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da parroquia de Belesar (ano 1978 aproximadamente), esta tentou recuperar o local social incautado á Sociedade Agraria de Belesar co fin de pólo ao servizo de todos os veciños e veciñas da parroquia. Para lograr esta recuperación, a Comunidade de Montes de Belesar fixo xestións diante dos partidos políticos, Congreso dos Deputados, Valedor do Pobo, Ministerio de Traballo. Mais, a día de hoxe, o local incautado á Sociedade Agraria de Belesar aínda non foi devolto á parroquia.